

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ANUNCIO do 9 de novembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais do corpo de profesores técnicos de formación profesional na especialidade de Equipos Electrónicos (591202) (Diario Oficial de Galicia do 10 de outubro).

Unha vez finalizado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos na especialidade de Equipos Electrónicos (591202), publícanse as puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Facer públicas na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es>) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de Equipos Electrónicos (591202).

Segundo. Contra estas puntuacións provisionais e relación de excluídos provisionais poderá interperse reclamación no prazo de cinco días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2016

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

